

○ que nos contan as contas

Xosé Álvarez Castro



Sinaturas en documento. ATOPO. Arquivo Deputación Provincial de Pontevedra.

Os orzamentos e as xustificacións de contas son uns dos máis axeitados medios para coñecer a vida de calquera institución; neste caso utilizarémolos para achegarnos á historia do antigo concello de Alba do que formou parte a nosa parroquia. Como método de traballo fixemos unha análise de 16 exercicios fiscais, comprendidos entre o ano 1843 e o 1866-67, depositados no arquivo da Deputación pontevedresa. Correspóndense cos remitidos ao xefe político da provincia, que era o encargado de examinalos e darlle aprobación ou devolvelos cos reparos correspondentes.

Nos concellos, unha figura moi importante, máis que os propios cargos electos que moitas veces non tiñan ningún tipo de formación, era o secretario. Explícao ben o seguinte parágrafo: *“deseando conciliar los deberes de Economía, con el buen desempeño de las funciones de tal encargo y ponerse a salvo de los perjuicios que pudieran irrogarse a sus individuos y a los intereses de los pueblos que administran por la admisión de un Secretario inepto y destituido de las prendas que se requieren, trató con intervención de los pueblos, de proporcionarse uno, que a su aptitud conocida reuniese las*

circunstancias de integridad y pureza, tan esenciales para el manejo de los negocios; mácsime en un Ayuntamiento rural en quien su Srio es por necesidad como la clave y 1º móvil del régimen económico administrativo”.¹ Tendo en conta o expresado, o concello elixiu para o cargo a Manuel de la Ballina y Noriega, membro dunha familia de orixe asturiana establecida en Lérez; ocupará o cargo durante toda a existencia do concello sendo quen exerceu o poder de feito da actuación municipal. Durante algún tempo esta familia aínda reforza máis o seu poder coa ocupación do cargo de depositario e recadador de fondos municipais por outro dos seus membros, Juan Germán de la Ballina.

Referente aos datos económicos, o orzamento oscila entre un pouco máis de 8.000 reais do primeiro exercicio ata o lixeiramente superior a 3.100 escudos do de 1866-67; os últimos aparecen expresados en escudos para os que debe estimarse unha equivalencia de un escudo por 10 reais.


Os ingresos procedían dos recargos que pagaban os veciños na

¹ En todas as citas respéctase a redacción e ortografía orixinal.

contribución de consumos, territorial e subsidio industrial, ademais dos remanentes do exercicio anterior se os houbera. Nalgunha ocasión había ingresos procedentes dos rendementos dos montes propios do concello; no exercicio de 1861 Ramón Piñeiro, de Lérez, paga 216 reais como rematante das poxas pola limpa do esquilmo e rareo de piñeiros novos no comunal de Pego ou Costa do Cárcel (Cerponzóns) e Manuel de Paz, da mesma parroquia, paga polo mesmo concepto referido ao monte comunal de Sequeiro (Alba), 150 reais.

En moitas ocasións, o xefe político poñía reparos á aprobación das contas debido á falta de xustificantes, non adaptarse ao lexislado e outros motivos; non faltaban as indicacións como a referente ao do ano 1850: *“debiendo prevenir a V. de que a lo sucesivo cuide de calcular con mas exactitud los gastos del Distrito, evitando así a los domiciliados mayores sacrificios de los que debieran (6-12-1851)*. O concello contestaba a estes reparos tentando xustificar o feito e, ás veces, ofrecéndonos algunha curiosa apreciación sobre o carácter dos veciños: *“no contemplándolos exagerados según la marcha de la administración pública en un distrito de más de mil vecinos de carácter velicoso en su mayor parte”* (1858). En canto á poboación, en 1866 o número de veciños (cabezas de casa) era de 1.051 e o de almas (habitantes) 4.800.

O capítulo de gastos era variado e ofrécenos máis información sobre os acontecementos acaecidos no concello. Ao ser de carácter rural, Alba carecía de gastos en conceptos como traída de augas, alumado, e outros propios de concellos urbanos.



Recibo de pago do BOP. ATOPO. Arquivo Deputación Provincial de Pontevedra.

As partidas máis importantes eran os gastos de secretaría (soldo do secretario e material) e os de instrución pública, pois era o concello quen se ocupaba dos gastos do ensino: soldos, alugueiro das escolas e materiais. As obras de arranxo de camiños facíanse por prestación persoal, polo que se pagaba a preparación e compra de ferramentas (apuntar punteiros e picarañas, mangos, etc). Tamén había que pagar ao capataz que dirixía as obras; así en 1866 destinan 61 escudos “Para sueldo de un capataz inteligente para caminos vecinales”. Nos últimos tempos contratában traballadores para construír estradas e o soldo era duns seis ou sete reais. (1865)

Os gastos de secretaría incrementábanse, en ocasións, coa contratación dun escribinte debido ao exceso de traballo do secretario; este recibe no ano 1854 unha paga de 238 reais por gastos extraordinarios con motivo da epidemia de cólera que afecta a zona. Un capítulo que pode parecer curioso é o gasto en velas de sebo para alumear nos traballos de secretaría que debían realizarse pola noite. O alugueiro do edificio do concello pagábaselle ao veciño de Alba Gaspar de Castro Patiño.

O número de escolas foi evolucionando desde unha escola de nenos ata cinco; estas eran: unha completa de nenos en Alba, que tiña por mestre a Pedro Arribas Pazos; outra completa de nenas no mesmo lugar e desempeñada pola muller do anterior, Vicenta Zabalegui Franco; escolas incompletas en: Alba, que tiña por mestre a Benito Cons Riveiro; Campañó desempeñada por Manuel Corredoira Gümil e Cerponzóns a cargo de José M^a Calbo Rodríguez. (Año 1864-65). No curso 1866-67 os gastos polo concepto de instrución pública importaban a metade do orzamento do concello.

Outra das funcións municipais era o tallado e recoñecemento dos mozos que cada ano entraban en quintas. Isto supuña un gasto importante pois había que pagar o médico, cirurxián e tallador, este último era o sarxento retirado Lorenzo Esperón, veciño de Campañó.

Capítulo aparte era o gasto por “eliminación de alimañas”; os animais que se mataban acostumaban ser os seguintes (entre parénteses o pago en reais): raposo (20), raposa (30), raposa nova (15), teixugo (10) e garduña (5). Da existencia de lobos

temos constancia nunha soa referencia correspondente ao ano 1849: Manuel Sobral, de Campañó, matou dez lobatos polo que recibiu 200 reais. Existían cazadores profesionais como Bernardo de Ogando ou Antonio Fernández, ambos de Lárez. Non faltan outros cazadores ocasionais como Manuel García, relixioso exclaustrado do mosteiro de Poio ou José Antonio Guerra, clérigo de menores natural de Lugo e residente en Couso, que cobra 50 reais por matar un raposo e unha raposa. Para cobrar os premios debían entregarse os despoños do animal, que consistían nas orellas e o rabo. Ao citar os lugares onde os cazaban confirmamos a existencia de “Dehesas Nacionales” en Alba e Lárez (Rorís). Estas devesas reais tiñan a función de proporcionar madeira, principalmente carballos, para a construción de barcos.

O azoute da epidemia de cólera impuxo gastos extraordinarios, non só os xa mencionados de secretaría; no 1854 aparecen consignados 40 reais para a compra de cal viva para empregar nos cemiterios e sepulturas máis recentes, segundo orde do gobernador, así como 240 para branquear con cal, como medida preventiva, as casas dos pobres de solemnidade que habitaban no concello pois non dispuñan de recursos para facelo pola súa conta. Tamén se desecan terreos pantanosos como medida sanitaria.

O concello contribuía cunha cantidade anual para soste o funcionamento do cárcere do partido, radicado en Pontevedra. No concello de Alba creouse, no ano 1850, un cárcere ou depósito municipal debido a unha orde que os mandaba establecer con urxencia en todos os distritos. Isto, aparte do alugueiro, aboado tamén a Gaspar de Castro, supuxo un pago de 130 reais a

Juan Barreyro, mestre carpinteiro de Cerponzóns, polas reparacións necesarias para arranxar o local así como outro de 16 ao mestre ferreiro pontevedrés Luis Abal por instalar unha “cerradura fuerte”. Se, como consecuencia dunha detención, quedaban menores desamparados, os gastos de mantenza e vestido corrían a cargo do concello; así ocorreu con Telmo Prado, fillo de Manuela “La sabia”, que cumpría condena en “la casa de Galeras” (1863). Tamén ocasionaban gastos os presos que estaban no depósito municipal: Domingo Antonio Pedrosa, encargado do depósito correccional do distrito, recibiu 63 reais que importaban os socorros do pobre Manuel González, de Cerponzóns, arrestado en xuízo por furto de leñas á señora de Osorio; tamén houbo que pagarlle ao tenreiro de Lérez Domingo Outeda polo aceite para alumeado da cela durante os dous meses que estivo detido o citado preso.

En ocasións os gastos estaban relacionados con algo tan remoto para os habitantes de Alba como a Casa Real. Unha viaxe pola zona ou algún acontecemento familiar das súas maxestades supoñían un esforzo monetario a engadir para a economía de todo o país. En 1846 tiveron lugar os desposorios da raíña Isabel II e da súa irmá a infanta Luisa Fernanda; era un matrimonio pactado no que Isabel casaría co seu primo Francisco de Asís e Luisa Fernanda con Antonio de Orleáns, Duque de Montpensier, fillo do rei de Francia. Dada a certeza de que Francisco de Asís, con fama de homosexual e impotente, non podería ter fillos, o matrimonio era a mellor forma que tiña o rei francés Luis Felipe de asegurarse o trono para os seus netos. Con motivo do acontecemento todos os concellos do reino estiveron na obriga de celebralo.

En Alba os gastos foron: 260 reais pagados ao fogueteiro Juan Ramón de Prado por diferentes clases de foguetes para os tres días de funcións festivas; ao abastecedor de aceite Ramón Tubío, de Lérez, pagáronlle 46 reais polo aceite consumido na iluminación durante tres noites dos adros das catro parroquias. O confeitiro Diego Antonio Fontán cobrou 44 reais por tres botellas e doces para “poner las once” aos curas que concorreran á misa e *Te Deum* sen admitir retribución algunha. O organista e gaiteiros do país que asistiron á función cobraron 100 reais. Non quedan aí os gastos pois o concello tivo que distribuír 100 reais en esmolas para os menesterosos e desvalidos da demarcación, segundo orde da súa maxestade. Ao sancristán fabriqueiro da parroquia de Lérez, onde se celebraron o *Te Deum* e a misa solemne, houbo que darlle 32 reais pola cera consumida. En resume, a voda custoulle aos veciños de Alba 582 reais. Non quedaban aí os gastos propiciados pola monarquía: Juan Gómez, “conductor de la noticia del feliz alumbramiento de S. M. La Reina” recibe 2 reais por traer o Boletín Extraordinario que o anunciaba (1854). Ramona Vázquez cobra a mesma cantidade por conducir un escrito do alcalde de Pontevedra participando outro natalicio real “*A la una menos veinte la Reina (qDg) ha dado a luz una robusta infanta. S.M. y la recién nacida*

continúan bien, cuya fausta noticia me apresuro a comunicarle, debiendo hacerlo inmediatamente V. a los Sres. alcaldes” (1859).

Os gastos neste capítulo podían ser moito máis elevados: con motivo dunha viaxe de “Sus Altezas Serenísimas” os Duques de Montpensier, o gobernador dispuxo que, ao atravesar os concellos “*prevenir los festejos, arcos triunfales y otras demostraciones dignas de los augustos personajes a que se dedicaban como ha sucedido en todos los Ayuntamientos desde Valga a Marín, cuyos gastos indispensables hubo que hacer por las economías del presupuesto*”. Confeccionar 3 bandeiras reais, un arco triunfal colocado na Ferreira, 2 cadros con inscricións alusivas, 8 camafeos para o arco, foguetes, músicos e gaiteiros, importou un total de 1.446,26 reais. (ano 1852).

Como podemos apreciar no relatado anteriormente, os orzamentos deste concello estaban moi limitados a uns escasos ingresos; por outra banda os gastos tampouco eran moi elevados pero, en ocasións, as imposicións alleas para maior fausto e boato da monarquía borbónica supuxeron unha porcentaxe significativa do total orzamentario.



Moeda de real da época de Isabel II.